

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1092).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión acta da sesión extraordinaria e urxente do 6 de agosto, ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de agosto, extraordinarias e urxentes do 13, 21, 24 e 27 e ordinaria e extraordinaria e urxente do 28 de agosto de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1093).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 9.09.15, DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA. EXPTE. 46/1102.

Dáse conta da referida resolución de Alcaldía de data 9.09.15, que di o seguinte:

En sesión extraordinaria de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D^a Ana Belén López Villar e a D. Iago Solleiro Sanz, nos seus postos de persoal eventual-auxiliar do Grupo municipal socialista para os que foron nomeados mediante Resolución desta Alcaldía de data 19/06/2015.

Segundo.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo Grupo municipal Socialista, seguidamente relacionadas con cargo aos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	López Villar, Ana Belén 10900233G
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	Solleiro Sanz, Iago 36155833V
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Pablo Mosquera Sánchez 36111789H
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Hugo Walden Lerutti 36169855D

Terceiro.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Quinto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PsdeG-PSOE.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1094).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 114883/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.09.15, o informe de fiscalización do 18.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 7.08.15, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 19 de decembro de 2013, aprobou a adxudicación a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA. do contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria (expte. 82392/301), por un prezo total de 11,75€ usuario/mes (IVE incluído). O custo máximo do contrato establécese en 155.126,40 euros IVE incluído.

O apartado 3.j das Follas de Especificacións do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares, establece a procedencia da revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, recollera o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termite o dito prazo de tres meses se a adjudicación se produce con posterioridade.

A data da finalización do prazo para presentación de proposicións rematou o día 9 de outubro 2013, segundo certificación de data dez de outubro de 2013 que se achega.

O contrato formalizouse con data 30 de xaneiro de 2014.

O prazo de presentación de ofertas finalizou o 9/10/2013 e a data de adxudicación do contrato foi o 19/12/2013, polo que será esta data a do inicio do cómputo xa que o contrato adxudicouse dentro do prazo de tres meses a partir da finalización do prazo para presentación de ofertas.

O índice de prezos do consumo no período decembro/2013-xaneiro/2015, experimentou unha variación de -2,6% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 50% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no -1,3% sobre a cantidade a actualizar (77.563,20 euros). O importe correspondente á variación do IPC neste período ascende a -1.008,32 euros.

O contrato a partir de febreiro 2015 pasa a ter un importe de 76.554,38 euros. O prezo/mes/usuario a partir da actualización para un máximo de 550 usuarios é de 11,60 euros IVE incluído (11,15 mais 4% do IVE)

Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar para o contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria, adxudicado a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, NIF A79022299, a redución do prezo de contrato, por efecto do IPC negativo no período revisado, decembro 2013-xaneiro 2015, correspondente ao 50% da variación experimentada polo IPC nacional, quedando establecido en 76.554,88euros.

Segundo: Regularizar na primeira facturación que se presente a partir da notificación do presente acordo, o importe facturado en exceso desde febreiro de 2015, a razón de -84,03 euros/mes.

Terceiro: Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1095).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE PERSOAS DADAS DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE OS MESES DE MAIO, XULLO E AGOSTO DE 2015. EXPTE. 89458/301.

Mediante escrito de data 15.09.15, asinado pola Xefa de servizo de Política de Benestar e a concelleira de Política Social, dáse conta da relación de expedientes dados de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de maio, xullo e agosto de 2015 que son os seguintes:

EXPEDIENTE	DATA
15/3818	07/05/15
16/2700	04/05/15
04/1702	13/05/15
24/2062	22/05/15
21/3373	26/05/15
03/2422	26/05/15
01/2774	03/07/15
02/2702	03/07/15
04/3291	03/07/15
23/3117	03/07/15
12/1217	11/08/15

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(1096).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO”. EXPTE. 3173/440.

Visto o informe de fiscalización de data 16.09.15, dáse conta do informe-proposta de data 7.08.15, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 07 de agosto de 2015 ás 12:45 horas acordou:

- a) *Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “REPARACIÓN DE NOIRO E CONTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO” (expediente 3173-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “REPARACIÓN DE NOIRO E CONTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO” (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 27 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “REPARACIÓN DE NOIRO E CONTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO” no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA</i>	<i>100,00</i>
2	<i>PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA</i>	<i>97,61</i>
3	<i>CONSTRUCCIONES VALE, S.L.</i>	<i>97,46</i>
4	<i>STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL</i>	<i>95,45</i>
5	<i>ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION, EDIFICACION Y VIALES SL</i>	<i>95,30</i>
6	<i>ORESA SL</i>	<i>94,77</i>
7	<i>CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.</i>	<i>90,42</i>
8	<i>M. MORAN, S.L.</i>	<i>90,33</i>
9	<i>CATESA, S.L.</i>	<i>87,16</i>
10	<i>MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.</i>	<i>86,29</i>
11	<i>DESMACO SL.</i>	<i>85,26</i>

13	CONSERVIA REHABILITACION Y SERVICIOS, S.L.	84,37
16	CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	82,94
17	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES DEL NORORESTE SLU	81,36
18	CIVIS GLOBAL SL	65,10
19	REFORVIGO SL	63,39
20	OBRAS Y TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTE-FRIA SL	45,27
21	HORDESCON, S.L.	19,19
22	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	16,88

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 27 de xullo de 2015, que presenta a documentación requirida en data 7 de agosto de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 7 de agosto de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., á vista dos informes do xefe de área de Fomento de 15 de xullo de 2015. Este informe poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de “REPARACIÓN DE NOIRO E CONTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO” (expediente 3173-440), por un prezo de 69.393,50 €, IVE engadido.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1097).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS E CHATARRA. EXPTE. 4880/241.

Visto o informe de fiscalización de data 18.09.15, dáse conta do informe-proposta de data 7.08.15, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o día 07 de agosto de 2015 ás 09:30 horas acordou:

2.-Proposta de Adxudicación.

- a) Procedemento negociado con publicidade para o alleamento de vehículos e chatarra (expediente 4880-241)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento negociado con publicidade para o alleamento de vehículos e chatarra (expediente 4880-241).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 27 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento negociado con publicidade para o alleamento de vehículos e chatarra (expediente 4880-241) no seguinte orde decrecente:

- LOTE 124 VEHÍCULOS:

- 1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.*
- 2. JOSÉ LUIS LORENZO PENIDO*
- 3. DESGUACES GIL, S.L.*
- 4. DESGUACES PEINADOR, S.L.*
- 5. DESGUACES MINGOS, S.L.*

- LOTE MOTONIVELADORA:

- 1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.*
- 2. DESGUACES MINGOS, S.L*
- 3. DESGUACES PEINADOR, S.L.*
- 4. JOSÉ LUIS LORENZO PENIDO*

- LOTE CHATARRA FERRO:

- 1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.*
- 2. DESGUACES MINGOS, S.L*
- 3. DESGUACES PEINADOR, S.L.*

- LOTE CABLE COBRE:

- 1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.*
- 2. DESGUACES MINGOS, S.L*
- 3. DESGUACES PEINADOR, S.L.*

- LOTE CABLE ALUMINIO:

- 1. LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.*
- 2. DESGUACES PEINADOR, S.L*
- 3. DESGUACES MINGOS, S.L.*

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, LAJO Y RODRIGUEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 27 de xullo de 2015, que presenta a documentación requirida en data 7 de agosto de 2015, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 7 de agosto de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LAJO Y RODRIGUEZ, S.A., de acordo co actuado pola mesa de contratación celebradas os días 28-04-2015, 05-05-2015, 26-05-2015 e 21-07-2015.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á LAJO Y RODRIGUEZ, S.A.SERVICIOS SECURITAS, S.A., o procedemento negociado con publicidade para o alleamento de vehículos e chatarra (expediente 4880-241) cos seguintes prezos:

- LOTE 124 VEHÍCULOS por un importe de 27.377 euros
- LOTE MOTONIVELADOR por un importe de 3.217 euros.
- LOTE CHATARRA FERRO por un importe de 210 euros/tonelada.
- LOTE CABLE COBRE por un importe de 2000 euros/tonelada
- LOTE CABLE ALUMINIO por un importe de 870 euros/tonelada

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1098).- DAR CONTA DA EXCLUSIÓN DE CLASIFICADO E NOVO REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS". EXPTE. 3175/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 15.09.15, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de setembro de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.-Incidencias

b) Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440). Débedas co concello do licitador clasificado en primeiro lugar

Durante o prazo concedido o primeiro clasificado no procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440), COPCISA, S.A., para a presentación da documentación que lle foi requirida, púxose de manifesto a existencia de débedas do mesmo con esta Administración, en concreto non tiña pagado unha liquidación de licencia de actividade. Deuse conta desta circunstancia á Mesa de Contratación en data 6 de agosto, que acordou retirar o asunto da orde do día para recabar máis información.

En data 10 de agosto de 2015, COPCISA, presentou dous escritos, un manifestando non ter débedas co Concello, e outro, no que se xustifica a falta de pago da liquidación que tiña en vía executiva no feito de que non se lle notificou no seu domicilio.

O Recadador Municipal, en informe de data 3 de setembro de 2015, manifesta que "O recibo que se detalla figura pagado con data 07/08/2015 (...) a notificación da Providencia de Prema correspondente á devandita liquidación foi remitida ao mesmo domicilio no que o órgano xestor notificou a liquidación en período voluntario de pagamento. Segundo a documentación obrante no expediente, a liquidación en período voluntario de pagamento foi entregada en data 22/03/2013 no domicilio de Ronda de Outeiro 68 1º B, A Coruña, sendo recollida e asinada por D. Brais García, con DNI 47377127. Non consta declaración tributaria expresa de cambio de domicilio fiscal, polo que, a estes efectos, resulta de aplicación o disposto no apartado 3 do artigo 48 da Lei 58/20013, Xeral Tributaria- LGT".

A nosa lexislación contractual establece a prohibición de contratar co sector público das persoas físicas ou xurídicas que non se atopen o corrente das súas obrigas tributarias ou de Seguridade Social (artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público- TRLCSP).

Para determinar cando se pode considerar que un licitador se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias é preciso acudir ó artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este artigo establece os requisitos necesarios que deben cumprir os licitadores para atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias:

- a) *Estar dadas de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades suxeitas a este imposto, en relación coas actividades que veñan realizando á data de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación nos procedementos restrinxidos, que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen.*
- b) *Presentar, si estivesen obrigadas, as declaracións polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o Imposto sobre a Renda de non Residentes ou o Imposto sobre Sociedades, segundo trátase de persoas ou entidades suxeitas a algún destes impostos, así como as correspondentes declaracións por pagos fraccionados, ingresos a conta e retenciones que en cada caso procedan.*
- c) *Presentar, si estivesen obrigadas, as declaracións periódicas polo Imposto sobre o Valor Engadido, así como a declaración resumen anual.*
- d) *Non ter débedas de natureza tributaria co Estado en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía apremo, débedas non atendidas en período voluntario.*
- e) *Ademais, cando o órgano de contratación dependa dunha Comunidade Autónoma ou dunha Entidade local, que non teñan débedas de natureza tributaria coa respectiva Administración autonómica ou local, nas mesmas condicións fixadas no párrafo d)".*

Respecto ó momento no que debe apreciarse o cumprimento das obrigas tributarias, establece o artigo 146.5 do TRLCSP que "O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións".

Informa o Sr. Recadador municipal, en data 15 de setembro, que finalizou o período de pago voluntario da liquidación da licenza de actividade en data 05/04/2015. Polo tanto, consonte o artigo 161 da LGT iniciouse o período executivo dende o día seguinte o vencemento do prazo de pago ().

Podemos concluír, á vista do exposto, que no momento de finalización do prazo de presentación de ofertas, o día 15 de xuño de 2015, COPCISA, S.A., non estaba o corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo. En consecuencia, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

1º.- Excluir a COPCISA, S.A., do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440) por ter en vía executiva na data de finalización do prazo de presentación de ofertas no mesmo, unha débeda relativa a unha liquidación de licenza de actividade.

2º.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

1. *Darse por enterada da exclusión de COPCISA, S.A., do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS" (expediente 3175-440) por ter en vía executiva na data de finalización do prazo de presentación de ofertas no mesmo, unha débeda relativa a unha liquidación de licenza de actividade, acordada na sesión da Mesa de Contratación do Concello de Vigo de data 15 de setembro de 2015.*

2. *Proceder, consonte ó previsto no artigo 151 do TRLCSP, a requirir ó licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento, na Resolución da XGL de data 31 de xullo, ACEVI, S.L., a seguinte documentación:*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1099).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “TRIATLON DESAFÍO ISLAS CÍES” O VINDEIRO 26 DE SETEMBRO DE 2015. EXPTE. 14222/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15.09.15, do director deportivo do IMD, conformado polo secretario xeral do Pleno Municipal e polo concelleiro-delegado Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Asociación Aguas Abiertas de Galicia con CIF (G27742386), solicitou o día 29-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150051191) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: TRIATLON DESAFIO ISLAS CIES*
- *Data: 26-27 DE SETEMBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que comenará o sábado 26 de setembro cun acuatlón infantil que terá lugar na praia do Vao a partir das 16.30h e o Triatlón que se levará a cabo o domingo 27 a partir das 8.00h con a proba de natación na praia do Vao, para seguir con a proba de ciclismo e rematar con a proba da carreira a pe ao redor das 17.00h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Medio Ambiente*

- *Limpeza*
- *Servicio Provincial de Costas de Pontevedra*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación Aguas Abiertas de Galicia con CIF (G27742386), a organizar o vindeiro sábado 26 de setembro de 2015 o Acuatlón infantil e domingo 27 de setembro o TRIATLON DESAFIO ISLAS CIES o evento deportivo que comenza o sábado 26 de setembro cun acuatlón infantil que terá lugar na praia do Vao a partir das 16.30h e o Triatlón Desafío ISLAS CIES que se levará a cabo o domingo 27 a partir das 8.00h con a proba de natación na praia do Vao, para seguir con a proba de ciclismo e a continuación a carreira a pe, o evento rematará ao redor das 17.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1100).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD)". EXPTE. 15773/332.

Visto o informe xurídico do 10.08.15, e o informe de fiscalización do 19.08.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 3.08.15, conformado pola concelleira de Educación e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 8 de agosto de 2014, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar definitivamente a Galega de Recursos Educativos Avanzados SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música folk e tradicional (e-Trad) (expte 15773-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 9/05/2014 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de un ano e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (Cláusula 7.3 e apartado 4.C das FEC). Así,

prevéase a posibilidade de prórroga por un máximo de 10 meses, fixándose como data límite de finalización da prórroga o día 31 de xullo de 2016.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de música folk e tradicional por parte da empresa actualmente adxudicataria (Galega de Recursos Educativos Avanzados SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de dez meses contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-Trad) (expte 15773-332) para o período comprendido entre o 1/10/15 e o 31/07/16, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 181.108,33 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2015 (1/10/2015-31/12/2015): 54.332,50 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.18 (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional), e bolsa de vinculación.

Ano 2016 (1/1/2016-31/07/2016): 126.775,83 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.18 (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1101).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO DAS “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO-ANO 2015”. EXPTE. 11852/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.09.15, conformado polo secretario xeral do Pleno e polo concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo, “OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO- ANO 2015”, no acordo se establece a concesión entre outras de axudas as seguintes entidades:

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU

Importe axuda: 25.394,87 €

Contratacións aprobadas:

1	Coordinador informático	6 meses	100% xornada
1	Técnico comunicación	3 meses	100% xornada

1 Técnico departamento VFO 4 meses 100% xornada

ASOCIACIÓN AMAINA

Importe axuda: 7.814,54 €

Contratacións aprobadas:

1 Psicóloga 2 meses e 12 días 100% xornada
1 Abogada 2 meses e 12 días 75% xornada

ASOCIACIÓN MULLERES EN IGUALDADE de VIGO

Importe axuda: 6.422,91 €

Contratacións aprobadas:

1 Auxiliar 4 meses 50% xornada
1 Diplomado CCEE 4 meses 50% xornada

Debido á demora na resolución da convocatoria e coa finalidade de mellorar a resolución da proposta de actividades, adecuando as mesmas aos importes concedidos, sin que en ningún caso supoña modificación do importe da axuda, nin redución dos postos de traballo concedidos, a entidades anteriormente mencionadas, solicitan a modificación da resolución nos seguintes termos:

- Solicitud de modificación de data 31/08/2015 e número de documento 150110865 da FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU, con CIF G27722883.
 - b) Ampliar o contrato de Coordinador informático en 13 días máis, coa mesma xornada laboral.
- Solicitud de modificación de data 19/08/2015 e número de documento 150106866 da ASOCIACIÓN AMAINA, con CIF G27802818.
 - d) Distribuir a proposta dunha Psicóloga ao 100% da xornada, por 2 Psicólogas ao 50% da xornada.
- Solicitud de modificación de data 03/08/2015 e número de documento 150101114 da ASOCIACIÓN MULLERES EN IGUALDADE de VIGO, con CIF G27712306
 - f) Reducir o periodo de contratación do auxiliar e do Diplomado CCEE a 2 meses, por imposibilidade de realizar as contratacións anteriormente.
 - g) Modificar a xornada do persoal (da auxiliar e da Diplomada CCEE) a xornada completa).

Polo anteriormente exposto se PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

–Modificar o acordo de resolución de OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO- ANO 2015, das seguintes entidades, mantendo o importe das axudas, nos seguintes termos:

1.1. FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU, con CIF G27722883.

a) Modificar o periodo de contratación do posto de Coordinador informático de 2 meses a 2 meses e 13 días máis, coa mesma xornada laboral.

1.2. ASOCIACIÓN AMAINA, con CIF G27802818

a) Modificar o número de persoas a contratar como Psicólogas que pasará de unha (1) a dúas (2), con unha xornada laboral do 50 % cada unha delas..

1.3. ASOCIACIÓN MULLERES EN IGUALDADE de VIGO, con CIF G27712306,

a) Autorizar a redución do período de contratación dos postos de Auxiliar Administrativo e do Diplomado CCEE de catro (4) a dous (2) meses e incrementar a xornada laboral de ámbolos dous postos do 50% ao 100%

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1102).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2015. EXPTE. 6216/335.

Mediante providencia de data 21.09.15, co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, prorrogado para o ano 2015, aprobadas polo Pleno con data 13.06.14, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, dá conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, durante o mes de agosto de 2015, que son os seguintes:

Expte: 6165/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE LOS SECRETOS- PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 05/08/2015

Informe Intervención: RCM 51613

Adxudicatario: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL

Importe total: 21.000,00 EUROS

Expte: 6168/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO CICLO MÚSICA DE CINE COAS BANDAS- PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 06/08/2015

Informe Intervención: RCM 52377

Adxudicatario: FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO

Importe total: 15.000,00 EUROS

Expte: 6169/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE ALEJO STIVEL- PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 06/08/2015

Informe Intervención: RCM 52382

Adxudicatario: DALE A LA DANZA SL

Importe total: 20.570,00 EUROS

Expte: 6182/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE EDE ESCENARIO NA PORTA DO SOL PARA CONCERTOS ALEJO STIVEL E LOS SECRETOS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 11/08/2015

Informe Intervención: RCM 53106

Adxudicatario: INVERYMUSIC SL

Importe total: 3.025,00 EUROS

Expte: 6170/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA OS CONCERTOS DE ALEJO STIVEL E LOS SECRETOS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 12/08/2015

Informe Intervención: RCM 53695

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA
Importe total: 20.610,97 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(1103).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NA RÚA ERNESTO LECUONA Nº 4 COA INSTALACIÓN DUN ÁREA DE XOGOS INFANTIL. EXPTE.19772/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 16.09.15, conformado polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local. (B.O.P 30 de decembro de 2006)*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A entidade BARQUITO VELERO S.COOPERATIVA GALEGA (F27806009), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 30 de marzo do 2015 solicitou autorización para a ocupación na zona axardinada de dominio público situada o caron do local da planta baixa do edificio nº 4 da rua Ernesto Lecuona, mediante a instalación dun patio exterior de xogos para a escola infantil existente nese local, dacordo coas características técnicas e constructivas contidas no Proxecto Técnico e de actividade (anexo 2) redactado pola arquitecta Silvia Gonzalez Dacosta e achegado coa súa solicitude.

Segundo.- Na instrucción do expediente emitíronse informes polos seguintes servizos municipais:

- *Oficina do Inventario e Técnica de Patrimonio de data 6 de abril do 2015.*
- *Dirección de ingresos (Admon Tributos) en data 9 de xullo do 2015.*
- *Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 10 de setembro do 2015.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A instalación proxectada ten por obxecto o establecemento pola interesada dun parque de xogos infantís na zona verde de titularidade municipal (nº de propiedade provisional 4221 do IMBD) existente na avda. Ramon Nieto (xunto o nº 118), nunha superficie de 75 m2 e situada próxima a escola infantil ubicada no nº 4 da rua Ernesto Lecuona, para súa utilización pola interesada como patio exterior de xogos e coa finalidade de cumprir os requisitos de funcionamento esixidos na normativa reguladora dos centros de menores e de atención á infancia, achegándose ó efecto proxecto das condicións técnicas e constructivas do mesmo e o seu axuste as prescricións técnicas requeridas pola normativa de seguridade dos parques infantís.

Polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns informouse favorablemente a solicitude formulada sinalando que: "O proxecto presentado non aporta elementos de xogo, unicamente limítase ao valado da zona seguindo a normativa en materia de seguridade en parques infantís, polo que non existe inconveniente na utilización do mesmo sempre e cando o mantemento e conservación do espazo o realice o solicitante da utilización do mesmo cos requisitos que marca o prego de prescricións técnicas reguladas de conservación e mantemento de zonas verdes."

Segundo.- A ocupación da zona verde coa instalación proxectada, implica un uso privativo do dominio público, configurándose aquel que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

Terceiro.- É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Cuarto.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Autorizar a BARQUITO VELERO S.COOPERATIVA GALEGA (F27806009) a ocupación do dominio público mediante a instalación dun area de xogos infantís na zona verde de titularidade municipal (nº de propiedade provisional 4221 do IMBD) existente na avda. Ramon Nieto (xunto o nº 118), nunha superficie de 75 m2, dacordo co proxecto presentado, e con sometemento as seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar o dominio público coa instalación da area de xogos infantís proxectada, os días lectivos e durante o tempo (unha hora diaria das 11,00 ás 11,30 e das 17,00 ás 17,30), sinalado no apartado 1.3 da memoria do Proxecto Técnico e de actividade (anexo 2) redactado pola arquitecta Silvia Gonzalez Dacosta, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.
2. A interesada debera presentar, no prazo de 15 días dende a data de remate da obra, certificado de instalación consonte instalouse correctamente.
3. O Parque infantil e as súas instalacións estarán en todo momento en perfecto estado de conservación, debendo proceder a entidade autorizada, en caso contrario, a súa reparación ou substitución. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderanlle á dita entidade.

BARQUITO VELERO S.COOPERATIVA GALEGA responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado de conservación e mantemento, ou da súa utilización e funcionamento.

4. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado do parque e instalacións, a súa adecuación o proxecto e fins autorizados así como do estado do dominio público sobre a que están instalados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario á revocación da autorización.*
5. *O Concello carece de responsabilidade algunha sobre o parque infantil e súas instalacións, non respondendo dos posibles danos, avarias, deterioros ou destrución total ou parcial que poida sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior.*
6. *Cando por necesidades de esta Administración fora precisa a reubicación do parque infantil, o seu traslado será por conta da entidade autorizada.*
7. *A presente autorización resulta condicionada ao otorgamento pola Xerencia Municipal de Urbanismo da correspondente licenza urbanística o proxecto de instalación do parque infantil, de ser exisíble consonte a normativa de aplicación, e sen prexuício das demais autorizacións que requira.*

No prazo dun ano, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, debera terse outorgada dita licenza urbanística.
8. *A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, dacordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local.*
9. *A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 600 € (seiscientos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, nas operacións de instalación- desinstalación do parque infantil, ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na presente autorización.*
10. *A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogable tácitamente por períodos anuais se non media denuncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor, e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).*

O prazo computarase dende a data da notificación da licenza urbanística a que quedaría condicionada a autorización de requerirse a mesma e, noutro caso, dende a data da formalización en documento administrativo.
11. *A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.*
12. *A autorización extinguirase pola concurrencia dalgunha das causas previstas no art. 100 da LPAP, e as seguintes:*
 - a) *Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.*
 - b) *Renuncia da empresa a autorización.*
 - c) *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
 - d) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
 - e) *A no concesión da licenza urbanística no prazo previsto.*
 - f) *Disolución, fusión ou escisión da empresa.*
 - g) *Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.*
13. *Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á retirada do parque e instalacións do dominio publico, nun prazo máximo de quince días*

dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren, e debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.

Segundo.- *A presente autorización formalizaráse en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.*

Terceiro.- *Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1104).- RECTIFICACIÓN ERRO NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO Nº 26915/220 DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS QUE PARTICIPA NAS TAREFAS DE LIMPEZA DAS FONTES ORNAMENTAIS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 27046/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 15.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 28/08/2015, acordou recoñecer e aboar ao persoal do servizo de Electromecánicos as cantidades que figuran para cada un deles por un total de 603,03 €, de complemento de produtividade do persoal do servizo de Electromecánicos que participa nas tarefas de Limpeza das fontes públicas ornamentais correspondente ao 2º trimestre de 2015.

En dito acordo, na relación dos empregados que deben percibir o complemento de produtividade, por un erro mecanográfico figura que deberá abonarselle a don Francisco J. Bea Puestes a cantidade de 274,56 €, cando debería figurar a cantidade de 271,48 €.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Primeiro.- *Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado na proposta do informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 6 de agosto de 2015, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/08/2015 (Expte. 26915/220- Complemento de Productividade do persoal do servizo de Electromecánicos que participa nas tarefas de Limpeza das fontes públicas ornamentais correspondente ao 2º trimestre de 2015, polo que se aprobou o aboamento de dita produtividade por unha cantidade total de 603,03 €, e que deberá figurar segundo se especifica:*

N.P.	Nome	Importe
14491	Juan Davila Pérez	331,55 €
79136	Francisco J. Bea Puentes	271,48 €
TOTAL.....		603,03 €

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1105).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES AXUDANTES DE OFICIOS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 27016/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.09.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 21.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 07 de xullo de 2015, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas de quince vixiantes de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais e, as recentes xubilacións de empregados municipais.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente reconece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o pasado 11 de maio remataron os nomeamentos interinos dos vixiantes porteiros nos CEIP “Lavadores-Pombal” e “Sobreira-Valadares, ademais do CEP “Celso Emilio Ferreiro”, sendo imprescindible a súa reposición.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 08 de setembro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino dos tres axudantes de oficios por acumulación de tarefas pendentes dos 15 solicitados, por un período máximo de seis meses, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de data 20 de xaneiro de 2015.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios, segundo informe técnico que se achega ao expediente, dos seguintes aspirantes que aceptaron expresamente o mesmo: núms. 55-Fernández Iglesias, Eligio Manuel, 45-Capelo Rodiño, José Ramón e, 29-Reboreda Martínez, Manuel, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verificase que os tres aspirantes propostos num. 55, 45 e 29, levan máis de seis meses dende que remataron o seu derradeiro nomeamento interino como axudantes de oficios (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25127/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local na súas sesións de data 18/07/14 e 09/05/14, rematando os mesmos en data 20/01/15, 13/11/14 e 14/11/14, respectivamente, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o día 21/07/15, 14/07/15 e 15/05/15, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores “normas reguladoras, foron requiridos/as os/as doce aspirantes da lista de substitucións referida aos que lle corresponde ser nomeados, que se corresponden cos aspirantes nºs 55-FERNANDEZ IGLESIAS, ELIGIO MANUEL, DNI 35.310.546-A, 45-CAPELO RODIÑO, JOSÉ RAMÓN, DNI 44.082.760-V e, 29-REBORDA MARTÍNEZ, MANUEL, DNI 36.152.836-X, os cales manifestaron a través de escritos de datas 14/09/15 optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 218-vixiante de instalacións municipais da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da

puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe

técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.n) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis,

aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Servizo de Educación anexo ao expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 31.374,36€ (desta cantidade 16.889,86€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 14.484,50€ ao vindeiro exercicio 2016), ao que haberá que engadirse a cantidade de 11.796,76€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de Oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito de 20 de xaneiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 125.497,44€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. ELIGIO MANUEL FERNANDEZ IGLESIAS, DNI 35.310.546-A, D. JOSÉ RAMÓN CAPELO RODIÑO, DNI 44.082.760-V e, D. MANUEL REBORDA MARTÍNEZ, DNI 36.152.836-X , seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 da Lei 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico do Empregado Público, modificado pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público y outras medidas de reforma administrativa, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir

necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso será obrigatoria a dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1106).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) TRASLADO PARA O PARQUE CENTRAL DE DNA. CONSUELO FERNÁNDEZ GALLEGO. EXPTE. 26947/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, de data 14.09.15, que di o seguinte:

Vista a solicitude presentada por D^a Consuelo Fernández Gallego, con nº de persoal 19.278, funcionaria de carreira, con praza e posto de técnico medio de organización e xestión de recursos humanos destinada no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, en escrito de data 05/08/2015 (documento administrativo nº 150102373, expediente administrativo nº 26.947/220); e considerando os informes favorables á petición indicada emitidos pola Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e Xefatura da Área de Servizos Xerais;

Visto o informe favorable da Xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 14/09/2015;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar á funcionaria de carreira do Concello de Vigo D^a Consuelo Fernández Gallego, con nº de persoal 19.278, con praza e posto de técnico medio de organización e xestión de recursos humanos, actualmente destinada no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, á Unidade do Parque Central de Servizos (código de unidade 430) onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado á Unidade do Parque Central de Servizos

(código de unidade 430) con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de técnico medio de organización e xestión de recursos humanos existente no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (código retributivo 076) ao Parque Central de Servizos (código de unidade 430) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT) con carácter inmediato.

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado/a, Tesourería Municipal, Áreas de Servizos Xerais e de Réxime Interior (Xefaturas da Área), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social e Planificación e Organización) e Intervención Xeral Municipal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL, NIVEL 25 DE D. OSCAR COUCE SENRA. EXPTE. 27032/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 17.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data .02/08/2015 (documento nº 150111680.) D Oscar Couce Senra, con nº de persoal, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 25, motivado polo desenvolvemento durante máis de dous anos de posto de traballo co dito complemento.

2.- Comprobado o expediente persoal do solicitante pola oficina administrativa do Servizo de Recursos Humano, resultan os datos seguintes:

-tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira

-praza: Técnico de Xestión, subgrupo A2.

-posto de traballo actual: Técnico de Xestión (Codg retributivo 179)

- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 25.

-nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo actual: nivel 25 (RPT publicada en BOP nº 220, do martes 16/11/2010).

-outros datos de relevancia: Adscrito, por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal de data 06/09/2013 ao posto de igual denominación "Técnico de Xestión" (Codg retributivo 179) na Dirección de Ingresos

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL:

Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) en relación co art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro.

Artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos de traballo do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, en canto que nos aspectos nos que non exista reserva en favor da lexislación do Estado resulte aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 7).

Acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998: recolle o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

II.- CONCLUSIÓN:

Procede o recoñecemento da consolidación do nivel 25 de complemento de destino, segundo a motivación legal indicada.

III.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, de delegación de competencias en materia de persoal, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 25 ao funcionario de carreira D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389, con praza de Técnico de Xestión, subgrupo A2 de titulación, e posto de traballo de Técnico de Xestión (Codg retributivo 179), a petición do mesmo/a e motivada no desempeño

durante máis de dous anos continuados de posto de traballo co citado nivel asignado, consonte á verificación dos datos obrantes no seu expediente persoal e segundo o informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado/a e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 18.09.15, o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) **AUTORIZACIÓN HORAS AO SERVIZO DE CONSERXERÍA PARA OS MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015. EXPTE. 26957/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 14.08.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 12/08/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do servizo de Conserxería, asinada pola xefa do servizo e conformada pola xefa da Área de Réxime Interior.

Por parte do servizo solicitante estímase como máximo un total de 35 horas mensuais, a realizar durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2015, para atender servizos urxentes solicitados pola Alcaldía.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 14/08/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora

traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao seguinte persoal, adscrito ao servizo de Conserxería:

Posto	Servizo	NP	Nome
Ordenanza	Conserxería	79495	González Peinado, M ^a de los Ángeles
Ordenanza	Conserxería	79844	Ocampo Carracelas, Vanesa
Ordenanza	Conserxería	22540	Villares Vila, Modesta
Xefa de Servizo	Conserxería	80698	Vázquez Álvarez, Rosa
Ordenanza	Conserxería	80477	Parente Vigo, Teresa
Ordenanza	Conserxería	09700	Rodríguez Fernández, J. Luis

Ordenanza	Conserxería	12055 Fernández Alonso, J. Ángel
Oficial Pintor	Conserxería	15036 Albor Rodríguez, Javier
Ordenanza	Conserxería	82159 Bueno Alonso, Diego
Ordenanza	Conserxería	79655 Leira Pérez, Xosé Ramón

A presente autorización outórgase nun máximo total de 140 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de setembro ao 31 de decembro de 2015, nos termos dos escritos asinados pola xefa do servizo de Conserxería 13/03/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Con data 14.09.15, o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

D) AUTORIZACIÓN DE HORAS AO SERVIZO DE DESINFECCIÓN PARA OS MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2015. EXPTE. 27006/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 09.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 26/08//2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do servizo de Desinfección, asinada pola Directora do Laboratorio Municipal e conformada polo Concelleiro Delegado da Área.

Ditas horas solicítanse para cubrir os traballos en previsión da realización de servizos extraordinarios fora da xornada habitual de traballo que sexa preciso realizar de xeito urxente, e que en ningún caso poderán superar as 16 horas mensuais por cada empregado municipal que as realice.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 04/09/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral os empregados/as municipais adscritos ao servizo de Desinfección, que seguidamente se indica:

- D. José Ramón Seijas Álvarez - Capataz do servizo - Nº Persoal 16350
- D. A. Avelino Pardellas Avión - Oficial desinfectador - Nº Persoal 9722
- D. José Manuel Sousa Atrio - Oficial desinfectador - Nº Persoal 22790
- D. Alberto Seijas Fernández - Oficial desinfectador - Nº Persoal 81369

xunto co único conductor do mesmo:

- D. Manuel Alfonso López Rodríguez - Conductor - Nº Persoal 80360

A presente autorización outórgase para o período comprendido entre o 1 de setembro ao 31 de decembro de 2015, nos termos dos escritos asinados pola directora do Laboratorio Municipal en data 24/08/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 14.09.15, o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(1107).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS “REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO”. EXPTE. 3104/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 15.09.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO . (Expte 3173/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 3173/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 3173/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO. (Expte 3173/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Camiño Portiño, sendo adxudicados os servizos a PROYEGAL INGENIERÍA, SL., o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

–D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ, DNI. 53182606-M, Arquitecto Técnico, Colexiado Nº VR 1002 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Reparación de noiro e construción de novo muro de soporte do camiño Portiño, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO (expte: 3173/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO (expte: 3173/440) ao Técnico da empresa PROYEGAL INGENIERÍA, SL. D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ, DNI. 53182606-M, Arquitecto Técnico, Colexiado Nº VR 1002 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO. (Expte 3173/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1108).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS “ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS”. EXPTE. 3105/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 16.09.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS. (Expte 3175/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 3175/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 3175/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da ca-

pacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS. (Expte 3175/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Camiño Portiño, sendo adxudicados os servizos á empresa RICARDO CAMIÑA CERIZ (36164977-F), o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

–D. RICARDO CAMIÑA CERIZ, DNI. 36164977-F, Arquitecto Técnico, Colexiado Nº VR 737 do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Reparación de noiro e construción de novo muro de soporte do camiño Portiño, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS (expte: 3175/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS (expte: 3175/440) ao Técnico da empresa RICARDO CAMIÑA CERIZ, D. RICARDO CAMIÑA CERIZ, DNI. 36164977-F, Arquitecto Técnico, Colexiado Nº VR 737 do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación ESTABILIZACIÓN DO NOIRO NO CAMIÑO DE LAGOA EN TEIS. (Expte 3175/440).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1109).- PROPOSTA ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE D^a. JOSEFA DE CASTRO MOSQUERA EN RELACIÓN COA PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO REXISTRO DE URBANISMO. EXPTE. 8095/407.

Visto o informe de fiscalización de data 9.09.15, dáse conta do informe-proposta do 12.06.15, asinado pola xerente e a vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, e conformado pola xefa de asesoramento xurídico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de maio de 2015, adoptou o seguinte ACORDO:

“1.- Outorgar ás seguintes funcionarias da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, que a continuación se relacionan, os complementos de produtividade propostos:

- D^a María Josefa De Castro Mosquera (xefa da oficina de Rexistro): 1.026,68 euros.*
- D^a María Luisa León Rodríguez (administrativo de Rexistro): 1.768,44 euros.*
- D^a Carmen Salgado López (auxiliar administrativo de Rexistro): 1.768,44 euros.*

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 4.563,56 euros, en concepto de produtividade a favor das empregadas municipais anteriormente referenciadas, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 “Productividade” do vixente Orzamento para 2015 da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal, debendo expoñerse asemade no taboleiro de editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Con data 4 de xuño de 2015, D^a Josefa de Castro Mosquera, administrativa en propiedade desta Xerencia, na súa calidade de xefa da Oficina de Rexistro, presenta escrito (documento nº 150072953) no que solicita:

“Que se lle recoñeza o complemento de produtividade, polo importe correspondente ó período do 01/07/2014 ó 02/12/2014 (741,76 euros), para que desta forma se lle iguale co complemento percibido polo resto do persoal da oficina de Rexistro da Xerencia de Urbanismo.”

Dita solicitude basease nos seguintes argumentos, esgrimidos pola recurrente:

“1º.- Que en 2011 o persoal administrativo adscrito á Oficina de Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo recibimos a encomenda de realizar “as funcións de cualificación e clasificación

das solicitudes sometidas ó réxime de comunicación previa -licenzas de actividades inocuas, transmisión de licenzas e licenzas de obra menor-, engadindo -desde a entrada en vigor o 28/12/2013 da “Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”-, as labores de cualificación das comunicacións previas respecto á totalidade das actividades e parte das obras maiores. A realización efectiva destas funcións é constatada regularmente pola xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo (último informe de 4 de marzo de 2015).

2º.- Que con data 28 de maio deste ano notificouseme o acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de maio de 2015, de outorgarme un complemento de produtividade, por importe de 1.026,68 euros, como xefa de oficina de Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3º.- Que no mesmo acordo se lle outorga un complemento de produtividade, por importe de 1.768,44 euros (a cada unha), a D^a. María Luisa León Rodríguez e a D^a. Carmen Salgado López, administrativa e auxiliar administrativa, respectivamente, da oficina de Rexistro da Xerencia.

4º.- Que a cuantificación do complemento realízase en relación co período 02/12/2013 a 30/06/2014, mentres que para a administrativa e auxiliar administrativa a asignación da produtividade inclúe o período 02/12/2013 a 02/12/2014 (un ano enteiro). A fundamentación desta diferenza no devandito acordo é que “pode entenderse que dita xefatura (a que ocupo desde o un de xullo de 2014) conleva as mencionadas funcións de cualificación e clasificación das actividades”.

5º.- Que as funcións do posto que ocupo (posto de “xefa da Oficina de Rexistro”, co código 404.01 da relación de postos de traballo, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 27/09/2013 e publicada no BOP de 13/11/2013) foron definidas nas guías de funcións aprobadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de 27 de maio de 2009. Nas funcións asignadas nestas guías non figuran as encomendadas a partir de 2011, senón as comúns ás xefaturas de oficina, en relación coa dirección e coordinación do persoal adscrito á Oficina de Rexistro.”

Visto o informe do xefe dos Servizos Centrais e da xefa de Área Técnica, de data 12 de xuño de 2015, no que se conclúe que as funcións desenvoltas pola xefa da Oficina de Rexistro exceden das asignadas pola relación de postos de traballo e as guías de funcións vixentes, procede propoñer á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Acceder ó solicitado por D^a Josefa de Castro Mosquera, xefa da Oficina de Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobando un complemento de produtividade ó seu favor por importe de 741,76 euros, importe correspondente ó período do 01/07/2014 ó 02/12/2014, para que desta forma se lle iguale co complemento percibido polo resto do persoal da oficina de Rexistro da Xerencia de Urbanismo conforme ó acordo desta XGL de data 22 de maio de 2015.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

19(1110).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE GALICIA. EXPTE. 44940/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.09.15 e o informe de fiscalización, do 24.09.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 20 de abril de 2012 adxudicou a TALLERES ELÉCTRICOS DE PONTEVEDRA, SOCIEDADE COOPERATIVA, o procedemento aberto para a contratación dun sistema de radiocomunicacións de voz e datos para enlaza-los diversos servizos do Concello de Vigo, con base na filosofía de asignación dinámica de frecuencias (sistema trunking), expte. 33606-212.

O prazo do contrato era dun ano prorrogable por outro ano máis, e a data de inicio da prestación o día 1 de xuño de 2012.

Como queira que se fixo uso da facultade de prórroga, o contrato rematou o 31 de maio de 2014.

II.- Con anterioridade á data de remate dende o servizo iniciáronse as actuacións tendentes á preparación dun novo contrato, paralizándose as mesmas ante a inminente posta en funcionamento por parte da Xunta de Galicia dunha rede dixital de radiocomunicacións móbiles específica e adecuada para os servizos de emerxencia e seguridade na Comunidade Galega, en cumprimento do mandato do lexislador autonómico establecido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Este mesmo mandato establece a obriga de poñela a disposición das restantes administracións públicas de Galicia con competencias en materia de seguridade, protección civil e emerxencias, nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen.

Segundo se recolle nos distintos Acordos adoptados para a posta en marcha e modos de xestión, así coma tamén das manifestacións públicas dalgunhos membros do executivo autonómico, a previsión sobre a entrada en funcionamento desta rede estableciase para xaneiro de 2015, prazo que finalmente non se cumpriu.

III. O Consello da Xunta de Galicia celebrado o 15 de maio de 2014, aprobou a posta en marcha e o modo de explotación da rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Este Acordo establece, en canto aquí interesa:

- A rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia porase en funcionamento no ano 2015. (pto. primeiro)

- A xestión e mantemento da rede corresponderá á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través da empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (pto. segundo)

- Todos os organismos que utilicen a rede deberán participar nos custos derivados do mantemento e operación da mesma, mediante o pagamento dunha tarifa anual proporcional ao número de terminais e servizos empregados. (pto. Segundo)

- Autorízase a utilización da rede por parte de organismos públicos con competencia en materia de seguridade e emerxencia que non formen parte da Xunta de Galicia ou o sector público autonómico, dentro das posibilidades que contemple a normativa vixente en materia de telecomunicacións e competencia. Estes organismos deberán asumir os custos de mantemento e explotación da rede, contribuíndo en función do número de terminais a utilizar, dos servizos a empregar e da utilización que fagan da rede (pto. Quinto)

IV. Por Resolución de 19 de xaneiro de 2015, da Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, encomendase á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Non en tanto, posteriormente, o Consello da Xunta de Galicia, mediante Acordo adoptado na reunión de 21 de maio de 2015, autorizou á Directora da Axencia para modificala.

Esta encomenda consta de 6 anexos. Os anexos I, II e III definen os servizos de explotación e as condicións de execución, que poden ser modificados ou ampliados por Amtega durante a vixencia da Encomenda, tal e como establece o dispositivo terceiro da Resolución. De xeito resumido tamén se recollen no primeiro punto da parte dispositiva da encomenda:

–Subministro eléctrico protexido, asignación de recursos de infraestrutura e conectividade para 75 estacións radio base (ERB) e 2 nodos de conmutación.

–Operación e mantemento, preventivo e correctivo, incluída a monitorización e supervisión proactiva do servizo e da funcionalidade da rede, a xestión de reparacións e repostos asociados, tanto do equipamento específico como dos recursos auxiliares da rede e infraestrutura que dan soporte á rede de emerxencia (torres, casetas, cargadores de baterías, radioenlaces, etc)

–Coordinación da xestión operativa da rede e soporte técnico ás entidades usuarias para o mellor aproveitamento das capacidades, funcionalidades e recursos da rede de emerxencia. Retegal aportará o servizo de soporte técnico e help desk 24x7x265 dende o seu Centro de Xestión e Atención de Rede (CEXAR). Nos anexos II e III defínense os procedementos tanto para a comunicación e reporte de incidencias e reclamacións sobre o servizo, como para a tramitación de solicitudes de alta, baixa ou modificación de configuración de terminais na Rede ou das aplicacións e funcionalidades.

–Conexión da rede e mantemento correctivo dos postos de despacho operativo, dando soporte ás entidades usuarias que acceden a eles, segundo o definido no anexo III.

–Os custos de xestión operativa da rede de emerxencias son independentes do número de usuarios e terminais conectados á rede. Estímase que para que a explotación desta rede sexa autosustentable é preciso un mínimo de 4.000 terminais conectados á rede dende a súa posta en funcionamento 8 xullo de 2015), e un período de explotación de 15 anos, segundo os supostos aplicados no plan de negocio.

No anexo IV detállase o mapa de cobertura e relación de entidades cubertas.

No Anexo V establécense unhas tarifas de referencia que cada entidade que se incorpore á rede ha de abonar a Retegal en proporción ao número de terminais conectados á rede e servizos que se utilicen. As tarifas, segundo a encomenda, están calculadas en función do punto de equilibrio orzamentario do negocio, que se estima en 4.000 terminais conectados na rede dende 2015 e durante 15 anos.

No anexo prevese unha actualización anual das tarifas en base ao IPC.

A encomenda deixa fora do seu obxeto a adquisición, instalación e mantemento dos terminais, que corresponderá a cada entidade usuaria.

No Anexo VI, en relación co apartado segundo da parte dispositiva da Encomenda, recóllese o modelo de adhesión á Rede, cuxa sinatura é necesaria para os organismos dependentes da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se incorporen.

V. Na mesma reunión do 21 de maio de 2015, o Consello da Xunta aproba o procedemento (anexo I) e os modelos de adhesión das Entidades Locais á Rede Dixital, segundo que os terminais sexan adquiridos directamente polas entidades interesadas (Anexo II) ou pola Xunta de Galicia (Anexo III).

Outras particularidades que presentan ambos modelos son que no de compra dos terminais pola Entidade Local, ésta asume o mantemento, programación e xestión operativa dos terminais; o soporte para a xestión operativa interna e resolución de dúbidas relacionadas cos terminais; tamén a reparación de avarías dos terminais.

A compra dos terminais pódese facer a través da adhesión ao Acordo Marco de adquisición de terminais asinado pola Xunta, que proporciona prezos moi competitivos. A tarifa que nesta opción correspondería pagar ao Concello de Vigo serían de 383,88 €, por terminal e ano.

Por contra, no modelo de adhesión con compra dos terminais pola Xunta de Galicia e cesión do seu uso ás EELL, Retegal asume o mantemento, programación e xestión operativa dos terminais; soporte para a xestión operativa interna e a reparación de avarías.

A tarifa que lle correspondería pagar a Vigo por terminal e ano sería, así, de 499,04 €, ivo engadido.

Fora desas singularidades o modelo de Adhesión consiste nunha declaración de vontade das EELL, de adherirse á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia nas condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento de dita Rede a Retegal, SA, asumindo todas as obrigas derivadas dela e con suxeición ao seu modelo de explotación e as súas condicións de execución (cláusula primeira). Non entanto estas condicións poden sufrir modificacións por adaptación ao desenvolvemento regulamentario previsto na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso en ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia. No caso de desacordo con esas modificacións, a entidade interesada podería resolver unilateralmente o acordo sen penalización mediante denuncia formulada cun preaviso de tres meses (cláusula sétima)

A adhesión ten unha vixencia de 10 anos dende a sinatura, prorrogable salvo denuncia expresa dalgunha das partes formulada con tres meses de antelación ao remate da súa vixencia (cláusula quinta)

A resolución anticipada derivada do incumprimento dalgunha das súas cláusulas por parte da entidade adherida, ou por vontade unilateral (salvo que a causa sexa o incremento da tarifa en máis dun 3% con respecto ao ano anterior), e mesmo a redución do número de terminais empregados en máis dun 30% con respecto ao ano previo, conllevará o abono á Xunta, en concepto de penalización, do 5% da cuota anual do terminal por cada ano que reste para a finalización do acordo (cláusula quinta e sexta).

A instancia de Amtega, a Concellería de Seguridade e Mobilidade, previa estimación de necesidades formulada polas xefaturas de Policía, Extinción de Incendios e Protección Civil, cursou un preserva de 225 terminais, na modalidade de compra pola Xunta e cesión do uso, dacordo coa seguinte distribución:

	Terminais fixos	Terminais portatil	Terminais móbil
POLICIA LOCAL	3	80	30
BOMBEIROS	1	37	14
PROTECCIÓN CIVIL	2	60	8
TOTAL (225)	6	177	42

A tarifa a pagar polo Concello de Vigo sería de 112.284,00 € anuais, con IVE engadido (cláusula segunda) Dito importe hase de abonar a directamente a Retegal a razón de 9.357,00 € mensuais (cláusula cuarta)

VI.- O 21 de setembro de 2015 o funcionario que suscribe redactou e asinou informe-proposta de resolución pola Xunta de Goberno Local, asinada na mesma data polo Concelleiro delegado do servizo, de adhesión do Concello de Vigo á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, segundo o modelo de adhesión das Entidades Locais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia como anexo III o 21 de maio de 2015.

O 23 de setembro de 2015, a Asesoría Xurídica emite informe xurídico favorable a adhesión do Concello de Vigo á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia nos termos da proposta referida no parágrafo anterior.

O 24 de setembro do ano en curso, o servizo de Intervención emite informe de fiscalización do expediente de conformidade.

Non entanto, no punto 3º da parte dispositiva da proposta observase un erro en canto se fai mención á eventual variación das tarifas en función do IPC, termo este último que, de conformidade coa lexislación vixente, debe ser eliminado.

RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

1ª.- Dende unha perspectiva estrictamente técnica a incorporación a esta rede supón un avance tecnolóxico considerable na calidade, axilidade, comodidade e secreto das comunicacións e, en consecuencia, unha mellora do servizo aos cidadáns.

Entre as principais características técnicas desta rede dixital de radiocomunicacións móbiles hai que suñar:

A integración nun mesmo sistema tódolos colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación

Utiliza a tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e a recomendada pola Unión Europea para estes colectivos.

Fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación; garante a súa dispoñibilidade cando o resto das redes de telefonía móbil se colapsa; emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite a comunicación en grupo e a integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil.

Posibilita a incorporación de diversos servizos como xeolocalización vía GPS, envíos de sms a persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos, gravación de conversas e encriptación das comunicacións.

Posibilidade de habilitar o servizo de datos mellorado (TEDS), que multiplica por cinco a velocidade de transmisión de datos con respecto ás redes de emerxencia convencional.

Esta tecnoloxía, por outra parte, é a recomendada pola Unión Europea para as comunicacións vinculadas á seguridade.

O actual sistema analóxico trunking presenta evidentes deficiencias para a operatividade dos servizos. Hai zonas da cidade nas que non hai cobertura e as unidades teñen que complementar o sistema de comunicacións con teléfonos móbiles, que solventan as chamadas individuais pero non emiten nin reciben chamadas en aberto para unha pluralidade de participantes, o que resulta vital para o servizo.

As probas de campo feitas polos técnicos de Retegal en canto ao grao de cobertura, especialmente neses puntos deficitarios, resultaron satisfactorias.

2ª. Outra importante vantaxe que ofrece a incorporación a esta rede de seguridade e emerxencias é a titularidade pública da mesma. O respaldo institucional da Xunta de Galicia como titular da rede e como xestora da mesma a través da súa administración institucional (RETEGAL), constitúe unha garantía de calidade e permanencia na prestación do servizo, seguridade que difícilmente se atopa no mercado nestes momentos.

A sociedade mercantil pública autonómica RETEGAL, que foi creada mediante Decreto 58/1987, do 20 de febreiro, ten por obxecto o mantemento das infraestruturas, sistema e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia e dispón dunha ampla rede de infraestruturas de telecomunicación ao longo da xeografía galega sobre as que prestan servizos de telecomunicación tanto ás entidades dependentes da Xunta de Galicia como directamente aos cidadáns da comunidade autónoma.

3ª. Dende a óptica económica, as ventaxas tamén son notables. A adhesión conforme á segunda opción (compra dos terminais, mantemento e reparación dos mesmos pola Xunta) supón un coste anual de 112.284,00 €, polos 225 terminais solicitados para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil.

Na actualidade o Concello de Vigo ven pagando ao ano 91.726,8 € só pola utilización da infraestrutura e mantemento da rede Trunking para os servizos de Policía e Bombeiros, tendo que, ademais, asumir o mantemento e reparación dos mesmos, que no seu día tivo que comprar. Isto pon de manifesto que o Concello pagará por un servizo de comunicacións de superior tecnoloxía e eficacia, uso dos terminais e mantemento dos mesmos, unha cantidade sensiblemente inferior a que ven pagando na actualidade so polo acceso a rede. A evidente eficiencia dos caudais públicos non precisa máis explicación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primera.- O Acordo de adhesión ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1.d)

Segunda.- A competencia para aprobar o Acordo de adhesión á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade e ao entramado obrigacional derivado é da Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no art. 127.1 g) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

En mérito de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao Concelleiro-delegado do servizo que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

1º. Aprobar a adhesión do Concello de Vigo á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia e ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento a ReteGal, SA, coa adquisición de terminais pola Xunta de Galicia.

2º Aprobar a sinatura do modelo de adhesión que se achega.

3º Aprobar e dispoñer a favor de RETEGAL SA, o gasto previsible de 1.122.840,00 €, ive engadido (tarifas vixentes sen a eventual actualización anual) durante os 10 anos de vixencia da adhesión, a razón de 112.284,00 € anuais, en concepto de servizo de conexión á rede de 225 terminais solicitados para os servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil.

Dados os prazos previstos de suministro dos terminais – 3 meses dende a sinatura do documento de adhesión- e de instalación e programación dos mesmos – 1 mes-, non é previsible a imputación de gasto ao actual exercicio orzamentario.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Acordo polo que se aproba o procedemento e os modelos de adhesión das entidades locais á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia

ANEXO III

**ADHESIÓN Á REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS E SEGURIDADE DE GALICIA E ÁS CONDI
CIÓNS DE SERVIZO DETERMINADAS NA ENCOMENDA DE XESTIÓN E MANTEMENTO A
RETEGAL, SA COA ADQUISICIÓN DE TERMINAIS POLA XUNTA DE GALICIA**

D. CARLOS LÓPEZ FONT, Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, en representación do Concello de Vigo, en virtude de facultades conferidas polo artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e o Decreto da Alcaldía, de 19 de xuño de 2015, sobre delegación de competencias,

DECLARA

Que tendo en conta o acordo do Consello da Xunta, do 15 de maio de 2014, polo que se aprobou a posta en marcha e o modo de explotación da rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia e o exposto na encomenda de xestión que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia lle fai á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, para xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

MANIFESTA

Primeiro.- A vontade do Concello de Vigo, cuxa representación ostento, de adherirse:

- Á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia,

- Ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento de dita Rede a Retegal, SA, asumindo todas as obrigas derivadas dela e con suxeición ao seu modelo de explotación e as súas condicións de execución.

Segundo.- O equipamento que se prevé adquirir, e o uso previsto para a rede, é o seguinte:

<u>Terminais dos que a Xunta cederá o uso á entidade local</u>			
Tipo de terminal*	Nº de terminais	Custe Anual (ive engadido)	Custe Total anual (ive engadido)
Terminal fixo	6	499,04 €	2.994,24 €
Terminal portátil	177	499,04 €	88.330,08 €
Terminal móbil	42	499,04 €	20.959,68€
Posto de despacho con xestión de flotas e grupos dinámicos	-	21.175,00 €	-
Posto de despacho con xestión de flotas e grupos dinámicos e acceso a aplicacións avanzadas da rede (xeolocalización, gravación de chamadas, TEDS, etc)	-	44.731,28 €	-
TOTAL			112.284,00 €

* A instalación dos terminais será por conta da entidade local

<u>Usos previstos e datos de contacto</u>	
Contacto técnico: Contactarse coa persoa indicada, unha vez aprobada a adhesión da entidade, para definir en profundidade as cuestións técnicas precisas.	D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe de Administración electrónica (tef. 986 810 303); antonio.villanueva@vigo.org. D. Francisco Mourelle, Técnico de sistemas (tef 986 810 149); paco.mourelle@vigo.org
Contacto administrativo:	Antonio Vivero Mijares, Xefe de Área de Seguridade e mobilidade (tef 699 501 942); antonio.vivero@vigo.org
Relación de Organismos que se conectarán á rede (policia, bombeiros, Protección Civil, etc)	Policía Local (103 terminais: 3 fixos, 80 portátil e 20 móbil); Bombeiros (52 terminais: 1 fixo, 37 portátil, 14 móbil); e protección Civil (70 terminais: 2 fixos, 60 portatis; 8 mobil)

<i>Data de entrada na rede solicitada</i>	<i>1 de decembro 2015</i>
<i>Necesidade de funcionalidades avanzadas de rede (xeolocalización, grabación de chamadas,etc): Indicar Sí/Non</i>	<i>Non</i>
<i>Poboación da entidade local (últimos datos INE publicados)</i>	<i>294.997</i>

Terceiro.- *Asumir as seguintes obrigas:*

- . Custes de instalación*
- . Uso dilixente do equipamento achegado pola Xunta de Galicia, destinándoo ao uso debido*

Cuarto.- *A aceptación das tarifas que en cada momento estean vixentes no órgano encargado da xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.*

O importe das ditas tarifas abonarase mensualmente por parte do organismo e será proporcional ao número de terminais e aos servizos que se utilicen. O abono farase directamente a Retegal SA, en virtude do disposto na Resolución do 19 de xaneiro de 2015, pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, previa facturación por parte de Retegal SA a razón de 9.357,00 € mensuais.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, a facturación por parte de Retegal SA á entidade local correspondente responderá a servizos efectivamente prestados.

En caso de incumprimento da obriga de pagamento das tarifas reseñadas, o importe adebedado detraerase das transferencias que reciba o Concello de Vigo procedentes da Xunta de Galicia, a través do procedemento que legalmente proceda.

Quinto.- *A adhesión terá unha vixencia de 10 anos dende a súa sinatura, prorrogable salvo denuncia expresa dalgunha das partes formulada con tres meses de antelación ao remate da súa vixencia.*

Son causas de resolución anticipada o incumprimento dalgunha das súas cláusulas, o mutuo acordo das entidades asinantes e as restantes causas xerais establecidas pola lexislación vixente, así como a denuncia dunha das partes formulada cun preaviso á outra con 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha.

En caso de resolución anticipada derivada do incumprimento dalgunha das súas cláusulas por parte da entidade local ou por vontade unilateral desta, o Concello de Vigo deberá abonar á Xunta de Galicia a cantidade que resulte da táboa seguinte en concepto de penalización por resolución anticipada en atención aos terminais efectivamente proporcionados pola Xunta de Galicia á dita entidade local.

Sexto.- *No caso de que a entidade local decida resolver o presente acordo de forma unilateral de xeito previo á finalización da súa vixencia, ou reduza o número de terminais empregados en máis dun 30 % respecto do ano previo, asumirá as seguintes penalizacións:*

- por cada terminal que se reduza: 5 % da cota anual do terminal por cada ano que reste para a finalización do acordo.

Neste caso, os terminais deberán ser devoltos a AMTEGA nun estado de conservación correcto. Noutro caso, a entidade local deberá asumir a reparación / substitución do mesmo.

As anteriores penalizacións non resultarán de aplicación cando a causa da resolución unilateral sexa o incremento en máis dun 3% do importe das tarifas con respecto ás vixentes na anualidade anterior.

Sétimo.- As condicións de adhesión previstas no presente acordo deberán adaptarse, no seu caso, ao que se estableza no desenvolvemento regulamentario previsto na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. En caso de desacordo coas novas condicións que, de ser o caso, se establezan, a entidade local asinante poderá resolver

Unilateralmente o presente acordo sen penalizacións mediante denuncia formulada cun preaviso de 3 MESES de antelación, manténdose os acordos sobre as actividades ou proxectos que poidan estar en marcha.

Oitavo.- A entidade local consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste acordo nos rexistros públicos que proceda, de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de Xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Noveno.- A subscripción do presente acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da entidade local e a Amtega e Retegal S.A., de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente acordo.

Décimo.- O presente acordo ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1.d) do TRLCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Cláusula de Seguridade da información e protección de datos

A entidade local será a responsable do ficheiro dos datos persoais xerados no servizo.

Conforme ao establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD), e no Real Decreto 1720/2007 (en diante, RLOPD), a Amtega como Encargada do tratamento, comprométese a:

Empregar os datos de carácter persoal exclusivamente para cumprir coa prestación do servizo, polo que non os empregará para fin distinto, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, salvo autorización expresa do Responsable do ficheiro.

Custodiar ditos datos adoptando as correspondentes medidas de seguridade, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos e a súa normativa de desenvolvemento (en concreto, artigos 89 a 114 do RLOPD). A tal fin, o Responsable do ficheiro deberá informar do nivel de seguridade que lle corresponde aos datos.

A Amtega deberá observar en todo momento, e en relación cos ficheiros de datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da prestación de servizos acordada, o deber de confidencialidade e segredo profesional, de conformidade co disposto no artigo 10 da LOPD. Dito deber subsistirá aínda despois de finalizar a prestación do servizo.

O Responsable do ficheiro autoriza á Amtega a encomenda de todos os servizos á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en diante, Retegal). Así mesmo, o Responsable de Ficheiro autoriza que Retegalsubcontrate calquera aspecto do servizo que fose preciso, sempre que se dea cumprimento ao establecido no artigo 21 RLOPD.

Unha vez finalizada a prestación de servizos, o Encargado de tratamento ou entidade subcontratada destruirá ou devolverá ao Responsable do ficheiro, segundo se indique, os documentos ou soportes con datos de carácter persoal obxecto do tratamento.

Por outra banda, o Responsable do ficheiro comprométese a cumprir cos principios e medidas de seguridade establecidos na normativa vixente. En particular comprométese a informar aos seus usuarios do sinalado no artigo 5 da LOPD, no seu caso, da existencia dun sistema de gravación de voz, de xeolocalización e de escoita ambiente coa finalidade de garantir a seguridade dos traballadores así como proceder ao posterior análise da xestión da emerxencia.

Así mesmo, no caso que proceda, o responsable do ficheiro deberá ter declarados ante a AEPD os ficheiros correspondentes a este servizo.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2015

*O CONCELLEIRO DELEGADO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE
Carlos López Font*

20(1111).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.